

FALAR DO TEMPO INCERTO

*As certezas do clima*¹, obra galardonada co Premio de Poesía Martín Codax 1996, acaba de chegar ás librerías e permítenos, outra volta, sentir a potencia lírica de Miguel Anxo Fernán-Vello. Tras o fermoso e clarificador limiar con que Xosé M^a Álvarez Cáccamo nos introduce nun clima propicio para a súa lectura, faise difícil non ver nos versos unha mutación irreversible na poética do autor. Fernán-Vello abandona definitivamente a expresión totalizante do gozo absoluto, que dominaba completamente obras anteriores, para dar paso á presenza dunha dor existencial aguda xa intuída nos *Poemas da lenta nudez*² e que se converte en elemento fulcral do poema.

*Qué silencio, de súbito, neva sobre o meu sangue
e qué pozo nocturno me atravesa o destino,
aquí, na encrucillada,
onde é lento o olvido.*

O eu poético avísanos, xa no texto inicial, que comeza unha viaxe sen retorno "*En dirección ao norte*", cara ó territorio máis abrupto e inhóspito seguindo unha chamada atávica e ineludible imposta ó ser humano dun xeito case xenético: pescudar todas as facetas da súa poliédrica fisionomía e delimitar a pegada do paso do tempo sobre el.

*Esta viaxe ao norte é un milagre esperado,
a fuxida perfecta cara o mar, un destino
que levamos escrito como un fulgor de inverno
na patria da nosa soedade.*

O frío e a desolación do camiño sobrecolle a un eu poético desgarrado polos dentes dunha soidade radical e inmutable. O vello bálsamo da paisaxe mutou os seus efectos -"*A natureza é un bálsamo que agora nos extingue*"- e vén afondar a dor dun ser que dubida se o desciframento do enigma, que o impele a avanzar, será quen de ofrecer unha saída ó tormento: "*Fechamos os ollos e a ferida aumenta,/ unha liña vermella máis aló do visíbel,/ o corazón mordido por un enigma*". Mais, neste duro

¹ Galaxia, Vigo, 1996

² Espiral Maior, "A illa verde", A Coruña, 1994

tránsito, atopa o eu poético un fiel compañeiro: o vento -"O vento é un corpo nu que está sempre no vento"- que, de xeito oracular, descifra as realidades que ultrapasan á condición humana rebelándolle as máis dolorosas profecías, esas "certezas do clima" que debe transmitir ós seus coetáneos:

*O vento sabe aquí do clima que se oxida
nos rostos, o tempo como un eixo operativo
percorrendo a distancia breve do vacío.*

Perante as apocalípticas "Advertencias do ar" o eu poético séntese confortado pola pasividade vitalista da "Figura azul da chuvia": "Só se sabe que a chuvia é un desexo, outro corpo/ e a súa semente azul de sede / brillando viva como un fervor na carne". Pero o tránsito vaino levando, inexorablemente, cara á cidade mentres se deixa posuír por "esa tristeza aquí inexplicábel/ diante destas casas e rúas silenciosas/ que están vivas". Urbana é a sensación de ameaza constante propiciada pola presenza dos gumes e pozos nevados que fai acadar ó eu a certeza de que

*Estamos descubrindo outro horizonte
en nós mesmos.
Somos o ser deste silencio
que a neve impón
como destino.*

A destrución está xa claramente anunciada como espada de Damocles que pende sobre a humanidade pero só o eu poético, coa lucidez propia dos poetas, pode ver esta ameaza aniquiladora. Asume entón unha función oracular que incide nos avisos constantes que ar e chuvia emiten cifrados nun código inintelixible para o home. Un eco de morte cóenos e só poderemos extingui-lo renunciando a subvertir as ordes naturais pois estas mutacións só darían resultados monstruosos e estériles. Pero o home, xordo ás advertencias, avanza cara o tempo da dor:

*Debe saber o home
a través da súa lágrima
que hai un eco de morte
nas horas, nos espellos,
nas fontes, neste verso
que treme no ar con pálpito violáceo,*

(...)

*Deben saber os seres que ollan ao ceo
que a luz é unha alarma de fendas
no teito do silencio.*

O eu poético, ferido polo avance inexorable dunha fenda que só el pode sentir, inclinanse sobre o abismo e deixa ver como a dor existencial o desgarrar, como "O pozo lentísimo que entra no corpo ten a lágrima fría dun norte de tellados negros e unha seiva que doe nas aldeas lonxanas: esa alma durísima contra o tempo". O último intento de tirar á humanidade da súa ignorancia escura e feliz fai aínda máis explícito o concepto de clima como realidade global que reside no interior de cada un, abismo que nos medra no peito:

*A ferida é un clima
onde nace o silencio,
o abismo que se toca
con cada palabra muda.*

Mais existe un antídoto perante tanta destrucción: a palabra poética que, aínda na "*Temperatura crítica*", ofrece unha esperanza inmarcesible no futuro pois "Só as palabras coñecen a vida secreta do futuro" e serán quen de volver transparente esa "*flor do enigma*" que nos agroma na fin de século. O eu poético, tras falar deste tempo presente en que todo é incerto, sente cumprida a súa misión oracular -posibilitarnos un futuro desde a revelación dos perigos que nos axexan-, a función do poeta que tan ben nos explicitaron os versos da nicaraguana Gioconda Belli:

*Uno no escoge el país donde nace;
pero ama el país donde ha nacido.*

*Uno no escoge el tiempo para venir al mundo;
pero debe dejar huella de su tiempo³.*

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 756, 12-12-1996, P. 23.